

**ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DA ECMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

**INSTRUCCIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓN CONCEDIDAS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE INTERESE XERAL NO MEDIO RURAL PARA O ANO 2011.**

Para a xustificación do proxecto ou actividade subvencionada, presentarse a conta xustificativa a cal deberá conter:

- a) Memoria da realización da totalidade do proxecto ou actividade conforme ao orzamento, con expresa mención dos resultados obtidos, deducidos da aplicación dos sistemas de seguimento e autoavaliación propostos coa solicitude. (ANEXOII)
- b) Certificación, expedida polo beneficiario, de que foi cumprida a finalidade para a cal se lle outorgou a subvención, conforme ao proxecto presentado. (ANEXO III)
- c) Memoria económica dos gastos realizados que se axustarán aos seguintes requisitos: (ANEXO IV)
  - a. Incluirá, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.
  - b. Comprenderá unha declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, con desagregación de cada un dos gastos en que incorreron.
  - c. Para xustificar os gastos xerais das obras, bens e servizos, aportaranse as correspondentes facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, ou certificacións de obra, expedidas por un técnico coa titulación competente na que figure, así mesmo a empresa executora das mesmas. As facturas orixinais e fotocopias, que serán dilixenciadas polo servizo responsable da subvención, poderán ser devoltas aos interesados que o soliciten, no seu caso, a maior brevidade posible. Nas facturas deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificantes da subvención concedida, especificando a súa utilización para a xustificación da subvención da convocatoria correspondente. En todo caso, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o cal foi concedida a subvención.

Os gastos de persoal, axudas de custo, etc., xustificaranse a través das nóminas, e os restantes gastos subvencionables mediante facturas ou certificacións, e outros documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

- d. Cando as actividades foran financiadas, ademais, con outros fondos ou recursos, acreditarase tamén a aplicación de tales fondos as actividades subvencionadas.
- d) Declaración da existencia, no lugar onde radique a obra subvencionada, de cartel indicativo de mesma, o cal lle será facilitado gratuitamente polo INLUDES. (ANEXO II)
- e) Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos Organismos correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, Deputación Provincial e INLUDES, este último consultarase de oficio.
- f) Certificación de conta bancaria mancomunada con tres titulares cando menos, de ser colectivos cidadáns sen personalidade xurídica, ou de conta da asociación de estar legalmente constituída, expedida pola entidade bancaria.
- g) Declaración baixo xuramente e a súa responsabilidade, do representante da asociación/agrupación, de: (Anexo V)
- a. Que, en ningún caso, o custo da adquisición dos gastos subvencionables foi superior ao valor do mercado.
  - b. Que os investimentos en materiais e prestacións relacionados no documento de clasificación de gastos subvencionables, foron empregados nas obras.
  - c. Que o importe da subvención ou axuda económica, obtida do INLUDES, non superou, illadamente ou en concorrencia con outras, de Administracións ou de Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da obra realizada.
  - d. Que non existiu alteración durante a realización da obra, das condicións tidas en conta, para a concesión da subvención outorgada.
  - e. Que o beneficiario asumiu o custo do “imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

- h) Declaración baixo xuramento e a súa responsabilidade, do representante da asociación/agrupación, das subvencións ou axudas concedidas por outras administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma obra. (Anexo VI)
- i) Declaración baixo xuramento e a súa responsabilidade, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, de que os mesmos serán destinados ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención, por un período non inferior a cinco anos, no caso de bens inscribibles no rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens. (Anexo VIII)

#### **DATA DE PRAZOS**

A data de finalización da execución das obras ou actuacións subvencionadas será ata o **15 de setembro de 2011**. En casos excepcionais, a entidade beneficiaria, poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non concluíra pola propia natureza da mesma, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia do INLUDES.

A data límite para xustificar polas agrupacións/asociacións receptoras destas subvencións será **o 15 de outubro de 2011**. No suposto de que tiveran outorgado ampliación de prazo para a súa execución, a xustificación será no prazo dun mes dende a finalización da ampliación. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención.